Carrizal

ÉPOCA II - Nº 25 maio/xuño 2024

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués

LUÍS DORADO

POR UN BAIXO MIÑO MÁIS VERDE E MELLOR CONSERVADO
ASOCIACIÓN NATURALISTA BAIXO MIÑO
ANABAM

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente.....Agustín Ferreira Lorenzo

Vicepte.....Salvador Rodríguez Muñoz

Secret....Mª Consuelo González de Dios

Tesoureiro...Manuel A. Pombal Diego

Vogais... Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Araceli Ozores Peixoto

Suplentes

Carlos Angílica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

CUOTAS ANO 2024

Establécense as seguintes cuotas:

Socio normal: 40 €

Socio familiar:

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares:

5 € cada un.

Porque a NATUREZA nos necesita, necesitamos de TI

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada:

Eiruga da bolboreta *Brithys crini*

Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

BOLBORETAS DIURNAS DO BAIXO MIÑO (I)

Por **Rafael Estévez**

Introdución

O Baixo Miño é unha comarca, situada no extremo surocidental de Galicia, limita polo oeste co Océano Atlántico e ao sur con Portugal e o río Miño que delimita a zona máis oriental. Con todo, os limites norteños están definidos en menor medida por iso o río serve de ligazón co resto de Galicia, ademais de conformar a fronteira natural co país veciño e destacar como o principal protagonista da bisbarra.

A comarca está formada polos municipios situados no tramo inferior do Miño que son Tui, Tomiño, A Guarda, O Rosal e Oia ocupando unha superficie de 315,1 km^2, representando así o 1,06 % de Galicia.

A súa orografía é a consecuencia dunha longa e complexa historia xeolóxica. A diferenza doutras zonas costeiras adxacentes, posúe unha costa rectilínea con cantís moderados o que caracteriza o relevo debido á diversidade e fragmentación, combinando zonas montañosas con vales fluviais e lugares costeiros a nivel do mar.

A comarca está dominada pola serra da Groba ao oeste e a de Argallo na súa parte central, sendo as elevacións máis significativas o Monte Aloia con 629 m, O Lousado

con 613 m, Corrubelo con 597 m, o Couto e a Pedrada con 552 m e 519 m respectivamente. Os accidentes costeiros máis destacables son; punta Sentinela, punta Orelluda, Pena Agoeira e punta Santa Tegra.

Outras unidades morfolóxicas relevantes son, por unha banda, o val do Miño e por outra toda a área costeira.

A natureza e composición do chan aquí existente, está representado polos granitos, gneis e xistos variados, principalmente micacitas.

Tamén existe unha importante presenza de materiais terciarios e cuaternarios. Os terciarios ubícanse basicamente no río Louro, onde atopamos arxilas, areas e gravas.

A estrutura do chan actual constituído por lodos, gravas e cantos rodados foron unha repercusión do Cuaternario, doutra banda, a franxa costeira representa a segunda unidade morfolóxica máis representativa.

O rio Miño constitúe o compoñente máis relevante da zona. Percorre o territorio de leste a sur actuando de limite entre Galicia e Portugal, desembocando no Atlántico, onde forma o estuario do Miño con máis de 4 km de lonxitude.

O clima do territorio que nos ocupa esta adscrito ao dominio oceánico húmido, onde as precipitacións son relativamente abundantes, principalmente no outono e inverno, mentres que na época estival predomina certa aridez.

O Baixo Miño presenta similitudes climáticas que afectan a toda Galicia no que domina a circulación do oeste

Aricia cramera

Isoria lathonia

onde se atopan masas de aire de diferente natureza.

Outros elementos que inciden no clima son os xeográficos, a distribución do relevo en paralelo actúa a modo de pantalla pluviométrica mentres que os elementos de abrigo, ademais das depresións interiores, exercen un efecto moderador ao estar estes máis afastados da proximidade do mar.

As temperaturas medias da comarca son elevadas para esta latitude. Por unha banda, a influencia atlántica modera as temperaturas e as posibles oscilacións térmicas; pero por outro, as barreiras orográficas do interior reducen esa influencia marítima o que orixina microclimas particulares e diversos.

A alta pluviosidade, a roca nai granítica, a accidentada topografía e o tipo de vexetación son factores que xeran uns chans acedos ademais de ricos en materia orgánica.

Nas zonas montanas predominan as plantacións de piñeiro e eucalipto, entre tanto, os vales foron sometidos a unha severa deforestación para dedicalos ao cultivo, aínda que nalgunhas zonas abandonadas prosperou a vexetación arbustiva.

º Cabe destacar a presenza do carballo como especie autóctona, este pode aparecer illado ou formando carballeiras, ou en bosques mixtos xunto con bidueiros, castiñeiros e outras especies. Desafortunadamente a área ocupada por estes bosques é cada vez máis reducida, véndose na actualidade limitada ás concas dos ríos xunto con especies de repoboación como piñeiros e eucaliptos formando bosques de galería xunto con amieiros, salgueiros e freixos.

Para concluír esta introdución e entrar na

entrar na materia que nos ocupa, debemos facer mención aos principais espazos naturais da comarca, estes están representadas polo Monte Aloia, catalogado como Parque Natural desde o ano 1978, sendo o primeiro de Galicia, as Gándaras de Budiño e o estuario do río Miño.

Bolboretas do Baixo Miño

Entre os artrópodos, as bolboretas son, sen dúbida, os insectos que gozan de maior simpatía entre a poboación. Isto débese á súa elegancia e fraxilidade, pero sobre todo á súa rechamante coloración que dificilmente pasa desapercibida. Doutra banda, o seu ciclo vital con metamorfose, é unha faceta que, desde tempos ancestrais, reclamou o interese e admiración, tanto da sociedade xeral como da comunidade científica en particular.

Na área do Baixo Miño rexistramos ata a actualidade un total de **88 especies,** aínda que debemos resaltar que esta cifra é de carácter provisional xa que é moi probable que este inventario sufra modificacións futuras.

Incorporamos 4 especies de recente aparición como son os ninfálidos ***Vanessa virginiensis*** descuberta no ano 2007, ***Brenthis Daphne*** no 2017 e os licénidos: ***Zizeeria-knyshna***, achado no ano 2022 e ***Lycaena bleusei*** no 2023.

Resulta indiscutible a enorme importancia no labor que as abellas desempeñan como polinizadores, pero tamén debemos realzar que esta actividade é, igualmente, propia doutros insectos como as nosas bolboretas. Paralelamente, estes fráxiles seres xogan un labor especial como indicadores (bioindicadores) á hora de reflectir a saúde dos nosos ecosiste-

Cacyreus marshalli

mas, xa ben naqueles de índole urbana como rural, e a súa marcada transcendencia dentro da cadea trófica.

As bolboretas poboan unha infinidade de nichos ecolóxicos; a pesar diso, están lonxe de acharse repartidas de forma homoxénea pola nosa comarca, isto débese, principalmente, á vexetación, ao clima (insolación, temperatura, precipitacións, réxime de ventos), á latitude e á altitude. Doutra banda, a natureza do chan tamén lles afecta en certo grao, aínda que dun modo máis indirecto.

Das 89 especies que apuntamos anteriormente, estas desagréganse nas seguintes familias:

10 Hespéridos (Hesperiidae) ; 3 Papiliónidos (Papilionidae); 9 Piéridos (Pieridae); 16 Satíridos (Satyrinae); 21 Ninfálidos (Nymphalinae); 21 Licénidos (Lycaenidae).

Vaiamos pois a detallar as especies situadas dentro da superfamilia Papilionoidea que rexistramos nesta comarca ao longo de varios anos:

Hesperiidae

Pyrgus malvoides
Pyrgus serratulae
Pyrgus onopordi
Spialia sertorius
Carcharodus alceae
Erynnis tages
Thymelicus actaeon
Thymelicus sylvestris
Ochlodes sylvanus
Hesperia comma

Papilionidae

Papilio machaon



Lycaena bleusei

Pseudophilotes baton

Zizeeria knyshna

Iphliclides feisthamellii
Zerynthia rumina

Pieridae

Pieris brassicae
Pieris napi
Pieris rapae
Pontia daplidice
Euchloe crameri
Anthocharis cardamines
Leptidea sinapis
Colias crocea
Gonepteryx rhamni

Nymphalinae (Satyridae)

Melanargia lachesis
Hipparchia hermione
Hipparchia semele
Hipparchia statilinus
Hipparchia fidia
Brintesia circe
Arethusana arethusa
Maniola jurtina
Pyronia tithonus
Pyronia cecilia
Coenonympha pamphilus
Coenonympha dorus
Coenonympha arcania
Coenonympha glycerion
Pararge aegeria
Lasiommata megera

Nymphalinae (Nymphalide)

Charaxes jasius
Apatura ilia
Limenitis reducta
Limenitis camilla
Nymphalis antiopa
Nymphalis polychloros



Zerynthia ruminaIsoria lathonia

Zizeeria knyshna

Aglais io
Vanessa atalanta
Vanessa cardui
Vanessa virginiensis
Polygonia c-album
Argynnis pandora
Argynnis paphia
Argynnis adippe
Issoria lathonia
Boloria selene
Boloria dia
Melitaea ornata
Melitaea deione
Melitaea parthenoides
Euphydryas aurinia

Lycaenidae

Satyrium esculi
Satyrium spini
Cacyreus marshalli
Callophrys rubi
Lycaena phlaeas
Lycaena tityrus
Lycaena bleusei
Lycaena alciphron
Lampides boeticus
Leptotes pirithous
Zizeeria knysna
Cupido argiades
Celastrina argiolus
Glaucopsyche alexis
Glaucopsyche melanops
Phengaris alcon
Pseudophilotes baton
Plebejus argus
Aricia cramera
Polyommatus icarus
Favonius quercus

ANIÑAMENTO DE GAIVOTAS NA VILA DA GUARDA (IV)

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Pito rescatado logo de caer do niño.

PITOS DAS GAIVOTAS

Aínda que a finais de maio podemos chegar a ver os primeiros pitos, será no mes de xuño cando teña lugar o maior número de nacementos, logo de que os proxenitores incubasen os ovos durante case un mes. Os pitos son nidífugos polo que non permanecen no niño moito tempo, podendo utilizar este, sobre todo nos primeiros días, como lugar onde sentirse seguros e a resgardo

Nos primeiros 15 días non van estar moi activos, permanecendo a maior parte do tempo a resgardo, acubillados nalgunha esquina, debaixo dalgún saliente, etc,

Os pitos pasan facilmente desapercibidos nalgúns dos tellados máis vellos.

se teñen a sorte de telos, ou ben, agochados sobre as mesmas tellas, polo que poden pasar, neste caso, totalmente desapercibidos. Neses días do mes de xuño, o calor do sol pode ser abrasador e a temperatura pasa facilmente dos 45 ºC. Algúns polos teñen a sorte de contar con algún lugar de sombra, aínda que sexa parte do día, pero outros non van ter esta posibilidade, e terán que soportar as altas temperaturas, dende a mañá ata o atardecer. Isto supón un hándicap para detectar os polos, polo que, ás veces, hai que aproveitar cando se achega algún dos proxenitores con alimento para poder velos, non tardando en regresar a unha zona onde poidan resgardarse de novo. Noutras ocasións, sobre todo cando están en lugares máis ou menos ocultos por edificios, podemos desconfiar da presenza de polos ao ver a algún dos proxenitores permanentemente, día si e outro tamén, nun lugar prominente, como pode ser unha cheminea, montando garda, onde pasará horas ata que chegue o relevo. Cando o día está anubrado, as probabilidades de observación son maiores, pois os polos poden aproveitar entón para desprazarse, moito ou pouco, pola superficie do tellado.

Os pitos están cubertos por un plumón moi suave, acastañado e xaspeado de negro, chegando a mimetizarse coas vellas tellas dalgúns tellados onde naceron, pasando practicamente desapercibidos, outro hándicap entón, para poder decatarse da súa presenza.

As crías van estar permanentemente vixiadas por algún dos proxenitores que se colocará en puntos prominentes dende onde poidan controlar calquera sinal de perigo. As veces, están os dous proxenitores tratando de cumprir esta función, sobre todo cando non teñen que desprazarse para procurar alimento.

O nacemento dos pitos supón unha acérrima defensa por parte dos pais. Así, cando un intruso se achega e os proxenitores vexan que pode ser un potencial perigo, iniciarán a defensa das crías a base de agudos sons e pasadas rasantes que, mesmo, poden chegar a tocar coas patas ao intruso. Aínda que as gaivotas durante a reprodución e cría non permiten que outros conxéneres estean ao seu carón, os gritos de alarma para defender aos pitos farán que en cuestión de segundos se congreguen nos arredores un nutrido grupo de exemplares adultos que, a súa vez, van emitir sons de alarma e se unirán para "atacar" ao potencial perigo, non librándose deste feito tampouco os humanos. Aínda que haxa certa distancia, se ven pasar a unha persoa cun can, tamén serán considerados obxectos de ameaza e dará lugar ao mesmo comportamento anteriormente descrito. Isto motiva que os propietarios de vivendas onde están os niños e/ou os pitos sufran ataques cando saen á azotea

As forte insolación dos meses de xuño e xullo, déixas patente nesta fotografía dun dos proxenitores tratando de regular a temperatura mantendo o pico aberto.

A case totalidade dos niños constrúense en tellados de tella, que son a maioría dos da Guarda, pero hai excepcións, coma neste caso, feito en tellado de "uralitata" (fibrocemento).



Pitos de pouco máis dun día aínda no niño. Este está confeccionado con gramíneas (1), musgo (2) e Sedum (3).

O verán é un período duro para moitos pitos. As temperatura poden chegar a ser moi elevadas, superando os 40 ºC sen que, moitos dos pitos, teñan un refuxio axeitado onde pórse á sombra. O pico aberto deste pito é unha mostra do que está a pasar.

ou ao balcón, ocasionando o rexeitamento dos inquilinos á presenza de gaivotas nas súas proximidades, amén dos excrementos que acostuman deixar nesas dependencias. Este comportamento pode deixar de producirse cando, logo duns días, as gaivotas se acostuman á presenza, neste caso, dos humanos, ao decatarse que non representan ameaza algunha.

O número de pitos por niño adoita ser, inicialmente, de tres, que tamén é o número de ovos que normalmente poñen. Mais, nalgúns casos non todos os ovos eclosionan e, mesmo, co paso dos días, algúns pitos acaban morrendo por diferentes circunstancias, polo que o número de crías que saen adiante, segundo os datos recollidos polo autor deste artigo ao longo destes últimos catro anos, é de algo menos de 2,50 pitos por niño de media.

Aínda que non é o habitual, pode suceder que a finais de xuño cheguemos ver ás primeiras crías que abandonaron o lugar de na-

Gaivotas na praia da ribeira guardesa a finais dun mes de xullo. Mesturados exemplares adultos e novos. Para estes son os primeiros días nos que se van acostumando a ser independentes.

Tres polos grandiños, probablemente a unha ou dúas semanas de iniciar o proceso de independencia.

cemento, -tamén é posible que veñan desprazas doutras zonas afastadas da Guarda-, aínda que será a partir de mediados de xullo cando a maioría delas o fagan. Os últimos polos nados, comezarán a súa preindependencia, e polo tanto a abandonar o lugar de nacemento, aínda que sexa temporalmente, en agosto. A principal zona de acollida das crías é o porto da Guarda, seguido das praias e resto do tramo costeiro. Neses lugares estarán acompañadas por algún dos proxenitores, podemos ver como, con insistencia, seguirán reclamándolles a súa dieta diaria, nun verdadeiro acoso onde os proxenitores tratan de amosar certa indiferenza. Á tardiña, algúns regresarán novamente ao punto de nacemento ou lugar próximo ao mesmo, cousa que farán normalmente nos dous ou tres meses seguintes. Hai veces que as crías resístense e continuarán pola zona onde naceron bastante máis tempo. Os polos non tardan en ir cambiando o suave plumón adquirindo, paulatinamente, verdadeiras plumas de cor castaña. Non será ata o cuarto ano de vida cando adquiran completamente a plumaxe de adulto. Principalmente nas últimas dúas semanas antes de realizar os seus primeiros desprazamentos máis ou menos longos, farán numerosos exercicios e simulacros de voo, en ocasións, aproveitando o vento para manterse suspendidos no aire durante certo tempo, resultando todo un espectáculo ver como intentan voar a base de pulos sobre o tellado onde naceron. Logo de numerosos exercicios e intentos, conseguirán levar a cabo pequenos voos polos arredores ata que, por fin, serán

Numeroso grupo de gaivotas o 17 de agosto do ano 2015.
A maior parte delas correspóndense con xuvenís nados nese mesmo ano na Guarda.

capaces de realizar desprazamentos máis longos no espazo e no tempo, que culminarán nos lugares sinalados anteriormente, onde, como si dunha gardería se tratase, veremos un numeroso grupo de gaivotas novas mesturadas coas veteranas.

Os adestramentos poden dar lugar a que algúns polos non cheguen a dominar a situación e acaben caendo á rúa, sen posibilidade de regresar ao tellado. Isto mesmo pode suceder cando hai factores externos, como pode ser o lanzamento de foguetes, que provocan a súa caída ao asustarse.

AS GAIVOTAS NADAS NA VILA GUARDESA, QUEDAN NA LOCALIDADE OU SE VAN?

Pois nestes intres non coñecemos que ocorre cando as “nosas” gaivotas deciden independizarse. É esta unha tarefa pendente, da que xa demos os primeiros pasos na campaña do 2023. Sabemos que durante os primeiros meses de independencia, a maioría das crías permanecen no entorno próximo. Se parte delas tenden posteriormente a desprazarse a outros puntos, que poden ser fóra do Baixo Miño ou, mesmo, doutros concellos desta bisbarra ou do norte portugués, é algo que está por coñecer. Para conseguir obter datos sobre este particular, será preciso anelar os polos, proxecto que iniciamos no ano 2023, a través dos nosos compañeiros e aneladores, José Arcas e Marta Robles, con tres dos polos que tiñamos nas nosas dependencias.

ESCARAVELLOS DO BAIXO MIÑO (XIII)

Rutpela maculata (Poda, 1761)

Por **M. Javier Blanco-Souto**

INTRODUCIÓN

Iniciamos, a partir deste novo número da revista *Carrizal*, unha serie de artigos sobre unha das familias de coleópteros máis populares do noso medio natural; referímonos aos cerambícidos, uns fermosos escaravellos de longas antenas e que, por este motivo, son coñecidos tamén polo nome de escaravellos lonxicornos.

Trataremos neste artigo dun dos seus representantes máis coñecidos e frecuentes no Baixo Miño: a *Rutpela maculata* (Poda, 1761).

Fig. 1. *Rutpela maculata* (Poda, 1761) sobre umbelífera, unha das flores onde adoita aparecer. (Fotografía: Agufelo).

TAXONOMÍA

Rutpela maculata (Poda, 1761) é un coleóptero pertencente, tal e como sinalamos anteriormente, á familia dos cerambícidos (Coleoptera, Chrysomeloidea, Cerambycidae, Lepturinae).

Para a súa nomenclatura seguiuse a proposta en Iberfauna (Fauna Ibérica).

MORFOLOXÍA EXTERNA

É este un escaravello mediano, cun tamaño que está entre os 14 e os 20 mm de lonxitude.

Presenta unha cor negra brillante, coa excepción de parte das pezas bucais, as patas, as antenas e os élitros, que son parcialmente de cor amarela; estes últimos teñen unha coloración moi variable, sendo o máis frecuente que sexan amarelos, co ápice negro e mostrando diversas manchas negras dispostas sobre eles.

Rutpela maculata (Poda, 1761) mostra un marcado dimorfismo sexual: nos machos, as tibias das patas posteriores (Fig. 2) atópanse moi arqueadas e están dentadas; ademais, as súas finas, longas e aneladas antenas, alcanzan o último terzo dos élitros, característica non observable nas femias.

A súa larva é xilófaga e moi polífaga, podéndose atopar sobre numerosos caducifo-

Fig. 2. Tibias posteriores dun macho de *R. maculata* (círculos vermellos), onde se aprecian perfectamente os dentes. (Fotografía: Agufelo).

Detalle das tibias posteriores dunha femia (esquerda) e dun macho (dereita). (Fotografías: Agufelo).

lios, aínda que tamén en coníferas (Peña, 2002; Vives, 2000, 2001). Torrella (2023) cita exemplares procedentes da madeira de *Euonymus japonicus*. O seu desenvolvemento dura dous anos, entrando na fase de pupa nos meses de maio ou xuño (Vives, 2000).

Os adultos voan a pleno sol desde finais de maio ata o mes de agosto, localizándose en case todo tipo de flores, especialmente umbelíferas e compostas (Vives, 2000, 2001).

DISTRIBUCIÓN

Atópase distribuída polas catro provincias galegas (López-Vaamonde *et al*., 2000). No Baixo Miño pódese considerar como unha especie común e frecuente na comarca (A. Ferreira, *com. pers*.).

AGRADECEMENTOS

A Agustín Ferreira Lorenzo, pola cesión das fotografías publicadas neste artigo.

BIBLIOGRAFÍA

Iberfauna 2010. Species *Rutpela maculata* (Poda, 1761). En: IBERFAUNA. El Banco de Datos de la Fauna Ibérica. Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC).

Enlace: http://iberfauna.mncn.csic.es/showficha.aspx?rank=T&idtax=20283
(Data de acceso: 10/04/2024).

López-Vaamonde, C., Pino, J. J. & Devesa, S. 2000. Distribución y estatus de conservación de la familia Cerambycidae Latreille, 1804 (Insecta, Coleoptera) de Galicia (Noroeste de la Península Ibérica). *Bol. R. Soc. Esp. Hist. Nat. (Sec. Biol.)*, **96** (1-2): 125-137.

Peña, R. 2002. Atrofia antenal bilateral con carácter simétrico en *Ruptela maculata* (Poda 1761) (Col., Cerambycidae). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa,* **30**: 114.

Torrella, P. 2023. Cerambycidae Latreille, 1802 (Coleoptera) de Galicia en la colección entomológica del Museo de Historia Natural de la SGHN (Ferrol, Galicia, España). *Arquivos Entomolóxicos*, **26**: 219-244.

Vives, E. 2000. *Coleoptera: Cerambycidae*. En: Ramos, M.A. *et al*. (eds.). *Fauna Ibérica*, *vol. 12*. Museo Nacional de Ciencias Naturales-CSIC, Madrid. 716 pp. + 5 lám.

Vives, E. 2001. *Atlas fotográfico de los cerambícidos ibero-baleares*. Argania Editio, Barcelona. 287 pp.

REFRÁNS GUARDESES

Por **Antón Ferreira Lorenzo**

Refráns guardeses recollidos dende finais dos anos setenta do século pasado.

Nesta serie recollemos aqueles refráns relacionados cos santos, tal e como os escoitamos: uns con "gheada", outros moi parecidos entre eles, con lixeiras variantes, e outros idénticos pero ditos, ben en galego ou ben en castelán. Respectamos, pois, a pronuncia local, a sabendas de que, en gran parte dos casos, non é en correcto galego.

II
Dos santos

Santísimo Sacramento mal pra fóra, ben pra dentro.

Se chove en Santa Bibiana chove un mes e unha semana.
Santa Bibiana pariu por un dedo, será verdá pero eu non o creo.

San Migueliño das uvas maduras, que tarde ves e que pouco duras.
Quien quiera miel que coja por San Miguel.

Por los Santos, nieve en los altos, y por san Andrés, nieve en los pies.
Bendito mes que empeza cos santos e acaba con San Andrés.

En Santa Lucía minguan as noites e crecen os días.

O día de Santa Lucía mingua a noite e medra o día.
El día de Santa Lucía tarda la noche y crece el día.

Polo San Bartolomé di o inverno “alá vou eu”.

Polo San Lucas saben as uvas.

Andar, barquiños, andar, non vos colla San Simón no mar.

En el coche de San Fernando, un poquito a pie y otro poquito andando.

San Marcos rey de los charcos.

San Benitiño das uvas maduras, canto me tardas e que pouco me duras.

Se queres que o allo te preste, semea o día de San Silvestre.

Ranas de San Antonio e sapos do demonio.

No San Xoán, fouciña na man.
En San Xoán as nove co día dan.
Do San Xoán a San Pedro cinco días van no medio.
En San Xoán xa a sardiña pinga no pan.
Polo San Xoán as sardiñas pingan no pan.
En San Xoán a sardiña molla o pan.
En San Xoán, sardiñas no pan.
Na noite de San Xoán, bebe viño e come pan.
Na noite de San Xoán, non te deites hasta mañán.
San *Juan* arrabuña como un can.
Aguas de San Juan quitan el vino y no dan pan.
Chuvia por San *Juan* quita viño e non dá pan.
Mañáns de San Xoán, unhas corren e outras van.

Polo San Matías son as noites ighual cos días.
San Matías anda co antroido ás porfías.

No día de San Martiño, proba o teu viño.
Polo San Martiño abilla o viño.
Polo San Martiño deixa as uvas e bebe o viño.
Despois de San Martiño deixa a aghua e bebe o viño.
No tempo de San Martiño mata o teu porquiño.

A todo porquiño lle chegha o seu San Martiño.
O vran de San Martiño son tres días máis un pouquiño.
Polo San Martiño todo o mosto é bo viño.
Noces, castañas e viño fan a delicia de San Martiño.
A todos os santos lles chegha o seu San Martiño.

Por san Blas la cigüeña verás (3 de febreiro).
San Blas, mata a tos e deixa ó rapaz.
San Blas leva a tos e deixa ó rapaz (Dise aos nenos ao tempo que se lles dan uns golpiños nas costas).
Por san Brais, dúas horas máis.

Cando Dios non quere, os santos non poden.
Cando a limosna é moita hasta os santos desconfían.
Entre Santos e Nadal ou ben chover ou ben nevar.
Saímos dun santo e metémonos noutro.
Perdeu santo e limosna.
Cuesta abajo todos los santos ayudan.
Santo que sea ora por nobis.

Santiajo arre carajo.

Mariñeiro remangarse para saír á sardiña que xa vén santa Catalina.

Acordarse de Santa Bárbara cando trona.
Nadie se acorda de Santa Bárbara hasta que trona.
Solo nos acordamos de Santa Bárbara cando trona.

San Mateu, vendima *tú*, vendimiarei eu.

Pola Santa Mariña vai ás túas viñas e si tal as vendimas.
Polo mes de Santa María deixa o saco e colle a fouciña.

El día de San Crisanto, las moscas al camposanto (25 outubro).

Despois de puta maldita, vestiu o hábito de santa Rita.

Geomalacus maculosus
(Lesma de Kerry)

Primeiras citas para o Baixo Miño

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Geomalacus maculosus é unha especie do xénero *Geomalacus* que pertence á familia Arionidae. Este xénero consta de 4 únicas especies das que soamente *G. maculosus* se atopa fóra de Iberia, mentres que as tres restantes *G. anguiformis, G. malaguensis e G. oliveirae* están presentes unicamente na Península Ibérica.

O nome común deste limaco, **lesma de Kerry**, débese a que foi descuberto no ano 1842 nas beiras do lago Caragt, no condado irlandés de Kerry, describíndose como unha nova especie ao ano seguinte (Fig. 1a). No ano 1868 atopouse no norte de España e, cinco anos máis tarde, tamén se rexistrou no norte portugués (Fig. 1b). Os estudos de distribución desta especie sitúana, pois, en Irlanda (extremo suroccidental) e, no que respecta á Península Ibérica, está presente en Galicia, León, Asturias, Cantabria e País Vasco, pudendo chegar mesmo ata Navarra, ademais do norte de Portugal, a partir da Serra da Estrela. (Fig. 2). Esta disxunción no espazo, este salto da Iberia a Irlanda, sen que polo medio haxa presenza de *G. maculosus*, interprétana os investigadores como que estas lesmas puideron ser introducidas en Irlanda a partir de exemplares ibéricos. Esta tese está apoiada pola baixa variabilidade xenética dos individuos irlandeses. Considérase, polo tanto, á especie como lusitánica. Recentes estudos naquel país, amosan que a lesma



Fig. 1. (Esquerda), distribución de *G. maculosus* en Irlanda. (Dereita), distribución global de *G. maculosus*

está ampliando a súa área de distribución, pois observáronse exemplares a 200 km de distancia da súa área inicial, concretamente nunha plantación de coníferas, sen atopar outras poboacións intermedias; esa nova localización parece deberse, claramente, a factores antrópicos, probablemente relacionados coas tarefas forestais. A raíz destas observacións, procedeuse a realizar prospeccións máis intensas en plantacións de coníferas nos condados irlandeses onde está presente, véndose que nesas plantacións aparecía tamén esta babosa.

Nalgúns dos traballos consultados, sinálase que a lesma de Kerry, en Galicia, se atopa en bosques de castaños, carballos e piñeiros, ocultándose entre a codia destes, as fendas das pedras ou no chan, debaixo das follas, sendo frecuente en zonas de montaña. Inicialmente pensábase que non se atopaba en ambientes antrópicos, pero non debeu de tardar moito tempo en descartarse esta idea, pois viuse que tamén aparecían en paredes próximas a vivendas, xardíns e campos agrícolas. En canto á alimentación, parece ser que se alimenta de liques, brións, hepáticas e fungos.

A lesma de Kerry ten unha lonxitude media duns 9 cm. É unha especie hermafrodita e autofecundante. Acadan a madurez despois de dous anos e poden chegar a vivir ata 6



Fig. 2. Distribución de *Geomalacus maculosus* en España.

anos. Chega a realizar postas de ata 30 ovos nun só paquete. No que respecta á súa poboación, non hai moitos traballos realizados sobre ela. Teñen a capacidade de comprimirse lateralmente para poder introducirse nas gretas, que son outros dos seus acubillos.

Agás algúns escasos traballos desenvolvidos a partir do descubrimento desta lesma, non será ata a segunda década do pasado século XX cando se leven a cabo algúns estudos máis pormenorizados dela. Así, a partir da década dos oitenta impúlsase con maior tesón o estudo das babosas da Península Ibérica a partir de grupos de investigación creados primeiro, na Universidade de Santiago de Compostela, que dá un gran impulso neste campo, e despois no País Vasco. Nos anos noventa, créase outro grupo de traballo na Universidade de Valencia, pero non se investiga suficientemente, algo que, en xeral acontece coas demais lesmas. Deuse un novo pulo a partir deste século, sobre todo en Irlanda, afondando máis polo miúdo no estudo de *G. maculosus*, pero aínda faltan moitos aspectos por investigar.

As babosas dependen para a súa existencia da humidade. Un ambiente seco non

Fig. 3. Lesma observada en Mougás no mes de novembro do ano 2013 (Fotografía: Manuel A. Pombal).

Fig. 4. Fotografía da primeira lesma rexistrada na vila guardesa, o 14 de marzo do ano 2017. Atopábase no interior do oco dun ladrillo, como se pode ver na imaxe. (Fotografía: Agufelo).

propicia, en absoluto, a súa presenza, de aí que vai ser no período de chuvias e de alta humidade, xunto con temperaturas comprendidas entre os 7 ºC e os 18 ºC o momento máis propicio para a súa observación. En períodos de sequidade, sempre que non sexan períodos extremos e de longa duración no tempo, e nos atopemos no medio axeitado, as lesmas poden acharse nos acubillos que citamos con anterioridade, xa que estes elementos van reter certo grao de humidade. Sairán ao exterior, polo tanto, con tempo cálido e chuvioso ou húmido, cousa que farán ao anoitecer e ata a mañanciña, para, durante o resto do día, agocharse nun lugar axeitado, tendo comprobado nós mesmos este feito.

***Geomalacus maculosus* no Baixo Miño**

A primeira información que temos da presenza da lesma de Kerry na bisbarra baixo-miñota corresponde á observación realizada por Manuel Ángel Pombal Diego, o 10 de novembro do ano 2013, no regato do Foxo, por riba de onde se atopan as Pozas de Mougás (Fig. 3).

O 14 de marzo do ano 2017, o que isto escribe, mentres arranxaba unha parede nunha propiedade súa, barrio de Ribadavila, no casco urbano da Guarda, observou unha lesma que se atopaba no oco dun ladrillo. Primeiramente non lle chamou moito a atención, entre outras cousas porque non tiña moito interese polos limacos, aínda así decidiu tirarlle unhas fotos para ter constancia da súa presenza (Fig. 4). Xa, no ordenador, unha vez descargadas as imaxes, resultoulle rechamante o corpo escuro, salpicado de pencas claras. Aos poucos días envioulla un grupo de Facebook para que alguén lla identificara, e non tardaron en responderlle: o nome científico deste espécime era (é) *Geomalacus maculosus*. E ata aí chegou o seu interese naquel momento, sen profundar máis na lesma. Tiveron que pasar sete anos ata volver ocuparse dela, e este interese xurdiu ao deterse a

Fig. 5. Círculo amárelo sinala onde se observan as lesmas dende o ano 2017, no casco urbano guardés.

observar os limacos que se desprazaban pola azotea da casa nos días de chuvia; a pesar de que tódolos anos observaba varios individuos durante o inverno, pero continuando sen darlle maior importancia, ata este pasado mes de marzo. Durante os días chuviosos e húmidos, varios exemplares, en torno a dúas decenas, acostuman desprazarse pola superficie ata ben entrada a mañá, desaparecendo polo resto do día, ocultándose entre as plantas das macetas e/ou as propias macetas, para volver saír á tardiña, aínda coa luz diúrna, sempre e cando o día estea chuvioso e a temperatura non sexa demasiado baixa. O entorno no que aparecen estes exemplares é completamente antrópico, con edificacións nos arredores e algunhas fincas entre estas.

Teño que supoñer que os individuos que "conviven" ao meu carón deben levar tempo ocupando esa zona. No meu caso particular, as preguntas que me fago son: por que están nun entorno antrópico 100 %?; por que, sendo relativamente numerosos os exemplares observados nunha pequena área, non os teño visto, por exemplo, na finca próxima, ou pola rúa ou rúas guardesas? Pode que sexan máis abondosos do que un se pode imaxinar e que estes limacos estean máis espallados do que aparentemente parece suceder. Quédame pendente, pois, o de realizar observacións máis intensas e precisas nas hortas dos arredores e noutros lugares da Guarda para resolver o misterio. Sería, sen dúbida, moi importante poder contar coa colaboración da veciñanza do Baixo Miño, para tratar de ter datos máis amplos da distribución e lugares de presenza da lesma de Kerry.

Todo este descoñecemento da distribución da especie na bisbarra baixomiñota débese, sen lugar a dúbidas, a que non hai ninguén que faga un seguimento da lesma. Por outra banda, a ser "bechos" que, ademais de non ser rechamantes, a xente non mostra maior interese por eles, agás o de eliminalos, como o resto dos limacos ou caracois, das hortas polo dano nos cultivos que lles producen.

Fig. 5. Localización das lesmas observadas no Baixo Miño.
1ª, en Mougás (Oia), preto das Pozas, o 10 de novembro do ano 2013.
2ª, na Guarda, o 14 de marzo do 2017.

Protección

A lesma de Kerry está protexida polo Apéndice II do Convenio de Berna e polo Anexo II e Anexo IV a) da Directiva 92/43/CE sobre hábitats da UE.

Os estados membros deben establecer zonas especiais de conservación dunha rareza global e de distribución limitada, segundo figura no Apéndice II do Convenio (ZEC) para as especies incluídas no Anexo II e garantir a protección das especies incluídas no Anexo IV onde queira que se atopen.

Categoría UICN para España: VU B1ab(i,ii,iii)

Categoría UICN Mundial: N

Actualmente sen protección legal en España.

Agradecementos:

A Manuel Á. Pombal Diego, pola información da observación e fotografía tirada do exemplar observado no regato do Foxo en Mougás.

Bibliografía:

Bermejo García, A.; Segura Herrero, M.; Hernández Martín, H.; Hernández Pérez, L.; Talegón Sevillano, J.; Gallego Arias, J. J.; Fernández Castro, J. J. & Alarcos Izquierdo, G. (2021). *Nuevos datos sobre la distribución de Geomalacus maculosus Allman, 1843 en la provincia de Zamora.* Sociedad Española de Malacología Iberus, 39 (2): 219-223.

Erin Ashleigh Johnston. A thesis submitted to the National University of Ireland, Galway for the degree of Doctor of Philosophy. *Geomalacus maculosus: An assessment of trapping methods, forestry management impacts, and feeding preferences* 2017-02-24.

Borredà, V. Martínez–Ortí1, A. (2022). *Listado actualizado y comentado de las babosas terrestres (Mollusca: Gastropoda: Stylommatophora) de la Península Ibérica y las islas Baleares.* Zoolentia. 2: 7-33.

Borredà, V. & Martínez–Ortí, A. (2021). *Listado comentado de las babosas terrestres de la Comunidad Valenciana (España).* Zoolentia. 1: 17-38.

Gómez, B. J. & Madeira, M. J. (2012). *Geomalacus maculosus*. En: VV.AA., *Bases ecológicas preliminares para la conservación de las especies de interés comunitario en España: Invertebrados*. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Madrid. 68 pp.

Johnston, E.; Kindermann, G.; O Callaghan, J.; Burke, D.; McLaughlin, C.; Horgan, S.; Mc Donnell, R.; Williams, C. D. & Gormally, M. (2017). *Monitoring the EU protected Geomalacus maculosus (Kerry Slug): what are the factors affecting catch returns in open and forested habitats?* Ecological Research. 32 (1): 95-104.

Johnston, E. A. (2017). *Geomalacus maculosus: An assessment of trapping methods, forestry management impacts, and feeding preferences.* A thesis submitted to the National University of Ireland, Galway for the degree of Doctor of Philosophy.

Mc Donnell, R.; O'Meara, K.; Nelson, B.; Marnell, F. & Gormally, M. (2013). *Revised distribution and habitat associations for the protected slug Geomalacus maculosus (Gastropoda, Arionidae) in Ireland* Basteria. 77 (1-3): 33-37.

Mc Donnell, R.J. & Gormally, M.J. (2011). *Distribution and population dynamics of the Kerry Slug, Geomalacus maculosus (Arionidae). Irish Wildlife Manuals*, No. 54. National Parks and Wildlife Service, Department of Arts, Heritage and the Gaeltacht, Dublin, Ireland.

Reich, I.; Mc Donnell, R.; Mc Inerney, C.; Callanan, S. & Gormally, M. (2017). EU-protected slug *Geomalacus maculosus* and sympatric *Lehmannia marginata* in conifer plantations: what does mark-recapture method reveal about population densities? Journal of the Malacological Society of London Molluscan Studies Journal of Molluscan Studies. 83: 27-35. doi: 10.1093/mollus/eyw039.

Rory Mc Donnell, Kim O'Meara1, Brian Nelson, Ferdia Marnell & Michael Gormally (2013). *Revised distribution and habitat associations for the protected slug Geomalacus maculosus (Gastropoda, Arionidae) in Ireland* Basteria 77 (1-3): 33-37.

Verdú, J. R.; Numa, C. & Galante, E. (Eds) (2011). *Atlas y Libro Rojo de los Invertebrados amenazados de España (Especies Vulnerables)*. Dirección General de Medio Natural y Política Forestal, Ministerio de Medio Ambiente, Medio rural y Marino, Madrid, 1.318 pp.

Vicent Borredà1 y Alberto Martínez–Ortí1. *Listado actualizado y comentado de las babosas terrestres (Mollusca: Gastropoda: Stylommatophora) de la península ibérica y las islas Baleares.* Zoolentia 2 (2022): 7–33.

Vicent Borredà1 y Alberto Martínez–Ortí1. *Listado comentado de las babosas terrestres de la Comunidad Valenciana (España)* Zoolentia 1 (2021): 17–38.

COUSAS DE ANABAM

MARTES SAUDABLES: CHARLA NO CENTRO CULTURAL DE A GUARDA

ANABAM colaborou nos denominados MARTES SAUDABLES, logo da invitación que nos fixo Ana Braña, enfermeira do Centro de Saúde da Guarda e coordinadora desta actividade, que se desenvolve tódolos martes no Centro Cultural guardés. O 5 de marzo estivo Manuel Á. Pombal Diego, membro da Xunta Directiva de ANABAM, falando da importancia da auga para a saúde, e o 12 de marzo o presidente de ANABAM, Agustín Ferreira, quen falou da relación entre natureza e saúde. Ao remate da charla, entregamos sendas publicacións ás persoas que asistiron a estas charlas.

CAMARIÑA: UNHA XOIA BOTÁNICA NO OUTRO LADO DO MIÑO

O 19 de febreiro desprazámonos (Luís Dorado e Agustín Ferreira) ata a veciña localidade de Caminha para achegarnos á Mata Nacional do Camarido, onde temos a única poboación de Camariña do norte portugués. Eliximos estas datas por atoparse agora en plena floración (os froitos non madurarán ata mediados do verán). Son plantas dioicas, é dicir os pés ou son masculinos

ou son femininos. Toda a planta desprende un agradable aroma afroitado que enseguida delata a súa presenza, aínda que non todo o mundo se decata dese cheiro. Hai uns 20 anos o número de exemplares na zona era moi superior ao actual, pero reduciuse notablemente por causa da intervención humana. Dende ANABAM tratamos de introducila en varias ocasións no piñeiral e praia de Camposancos, pero sen éxito, xa que é unha especie difícil de reproducir e require dunhas condicións especiais. En calquera caso, temos a sorte de tela tan "cerca" e, á vez, "tan lonxe", separada de nós por un par de quilómetros que non son doados de cruzar.

RECOLLIDA DE GRÁNULOS-BIOSOPORTES E OUTROS PLÁSTICOS

O 12 de marzo, dedicamos hora e media á recollida de gránulos, biosoportes e outros plásticos na praia da Area Grande, unha actividade desenvolvida polo voluntariado que estivo coordinado polo CONCELLO DE O ROSAL e ANABAM. Nove persoas escudriñaron paseniñamente o arribazón traído polo mar, analizándoo minuciosamente para recoller, con moita paciencia, centos de gránulos e biosoportes, ademais doutros plásticos, que representan unha mínima parte do que había na praia.

OBRADOIROS DE HOTEIS PARA INSECTOS

O sábado 16 de marzo, tivemos o segundo dos obradoiros de construción de hoteis para insectos, e o 13 de abril, o terceiro. No primeiro dos casos citados, desenvolveuse na Aula de Natureza “Muíño das Ace-

ñas", na beira do río Tamuxe, contando coa colaboración do CONCELLO DE O ROSAL. No segundo caso, desenvolveuse no Centro Cultural de Torroña, contando coa colaboración do CONCELLO DE OIA. Foron dúas magníficas xornadas nas que as persoas participantes gozaron, construíndo os hoteis que levaron despois para as súas respectivas casas.

A WEEDEN FOUNDATION SÚMASE Á CHAMADA DE ANABAM PARA A PROTECCIÓN DO BORRELHO NAS VECIÑAS PRAIAS DO OUTRO LADO DO MINHO

Ademais da colaboración que nos presta o Xacobeo Transfer - Caminha - A Guarda, facilitándonos o desprazamento gratuíto entre as dúas beiras do Miño, agora temos esta importante nova da "**Weeden Foundation**", unha entidade norteamericana que xa ten colaborado noutras ocasións con ANABAM, tanto no PROJETO BORRELHO, como noutras actividades. Logo de poñernos en contacto cos responsables desta entidade, non dubidaron en botarnos novamente unha man, diante da imperiosa necesidade económica para desenvolver o proxecto de protección dos borrelhos-de-coleira-interrompida, a nosa píllara das dunas. Así, asinamos un convenio polo que a Weeden Foundation aportará 5.000 € anuais, durante tres anos, a este proxecto. Grazas a esta axuda económica conseguida á última hora, puidemos contratar a un biólogo que se ocupará da píllara nos vindeiros tres meses, coincidindo co período de aniñamento. Non esquecemos os permisos facilitados polas Capitanías dos Portos de Caminha e Viana do Castelo, así como as respectivas Policías Marítimas de ámbalas dúas localidades, para levar a cabo as tarefas de protección nas praias do norte portugués desta ave tan ameazada.

CAMPAÑA A FAVOR DOS INSECTOS POLINIZADORES

Este ano estamos dedicando unha especial atención aos insectos, tratando de que estes pequenos seres sexan tidos en conta pola poboación e non sexan vistos como molestos ou daniños. Tratamos de conseguir que a xente se sensibilice da importancia que

teñen e da necesidade que temos deles. Iniciamos a campaña coa construción dos hoteis de insectos que xa comentamos con anterioridade. Tamén queremos conseguir que os concellos do Baixo Miño deixen, nos xardíns públicos, parcelas sen rozar e continuaremos facendo o posible para que a cidadanía se interese por eles desde un punto de vista da súa protección e conservación a través de campañas como a que comezamos relacionada coa observación e fotografado dos insectos que se atopen sobre as umbelíferas.

Co fin de implicar aos Concellos baixomiñotos, enviamos escritos aos cinco que forman a bisbarra do Baixo Miño solicitándolles que deixen parcelas dedicadas aos insectos, colocando carteis informativos para que a xente saiba a razón pola que se deixan sen rozar. Pola nosa banda, aos concellos que se sumen a esta iniciativa, ofrecémoslle a posibilidade de obsequiarlle con algún "hotel de insectos" para a súa colocación nesas zonas.

Pequenas parcelas que non se rozaron na zona da Fortaleza de Goián-Tomiño (Foto: Ana Belén Casaleiro)

O concello que de momento está a dar unha resposta máis efectiva e colaborativa é o de Tomiño coa Concelleira de Medio Ambiente, Ana Belén Casaleiro á cabeza. Este concello iniciou labores de roza en varias zonas do municipio, como a Fortaleza de Goián ou a área de caravanas. Precisamente, o 9 de abril reunímonos coa devandita concelleira na Fortaleza, momentos antes de dar comeza á roza, para ver onde se po-

dían deixar as parcelas. O 17 dese mesmo mes recibiamos por parte de Ana Belén a fotografía que axuntamos arriba dunha das parcelas que se deixaron sen rozar.

ESTANQUES PARA ANFIBIOS

Logo de falar cos Presidentes das Comunidades de Montes de Salcidos e Camposancos para que se sumaran á CAMPAÑA DE CREACIÓN DE CHARCAS para anfibios, un grupo faunístico que o está pasando bastante mal nestes últimos anos. Xa van ser realidade a curto prazo. Neste senso, no ano 2022 solicitamos á Comunidade de Montes de Salcidos a construción dunha charca nas inmediacións da casa forestal desa comunidade, e hoxe esa charca xa case está rematada. Visitámola o 22 de marzo acompañado dun directivo da citada Comunidade, Benito, aconsellándolle que se é posible, destinasen unha zona anexa para poñer plantas acuáticas. Tamén hai dous anos, falamos co Presidente da Comunidade de Montes de Camposancos, Fernando Martínez, para reacondicionar o estanque que teñen na zona de Chans, (Monte Trega) que non está en uso, e convertelo nun lugar axeitado para os anfibios. O 25 de marzo deste ano, días despois de volver a falar con el, recibimos chamada telefónica do propio presidente da citada Comunidade de Montes, informándonos que na xuntanza mantida nese mesmo día entre a directiva, acordaron acceder á petición de ANABAM e reconverter o estanque nunha zona para anfibios; polo tanto, adaptarase procederá a adaptalo ás condicións necesarias para que eses animais poidan entrar e saír sen problemas do estanque. Finalmente, xa hai uns meses que falamos coa Concelleira de Tomiño, Ana Belén Casaleiro, para tratar de acondicionar unha especie de gabia en Taborda, pertencente á Comunidade de Montes desa parroquia, nun lugar axeitado para favorecer a presenza de anfibios. A Concelleira xa nos confirmou que, entre os seus proxectos, vai estar o de facer realidade a idea que lle expu-

xemos. Pouco a pouco, entre uns e outros, podemos ir mellorando a biodiversidade da bisbarra e tal vez consigamos que o Baixo Miño sexa un lugar referente para desenvolver plans de recuperación, conservación e protección, servindo de modelo a outras entidades públicas e/ou privadas para desenvolver proxectos similares.

REXISTRAMOS POR PRIMEIRA VEZ NO BAIXO MIÑO A "Trichilogaster acaciaelongifoliae"



No ano 2016, logo duns dez anos de permisos, estudos, test e análise de resultados, Portugal libera en Viana do Castelo a pequena avespa australiana "*Trichilogaster acaciaelongifoliae*" como método de combater a "*Acacia longifolia*" de xeito natural. Convértese, entón, no terceiro país europeo en loitar contra a acacia con este método. Que fai a avespa? Pois non permite a floración da acacia, o que conleva que non se produzan flores e, en consecuencia, tampouco sementes. No ano 2022, membros de ANABAM desprazámonos ata Esposende, onde tivemos a oportunidade de ver, por primeira vez, os bugallos das acacias, producidos como resposta á picadura da citada avespa. No 2023, xa observamos os bugallos na Mata Nacional do Camarido. E este ano 2024, observamos por primeira vez, en diversos puntos do piñeiral da praia de Camposancos, os bugallos da acacia. Non cabe dúbida que a avespa cruzou as augas do Miño para instalarse na marxe galega. Deste xeito, parece que temos un aliado natural para combater a omnipresente "*Acacia longifolia*". A observación, probablemente a pri-

meira en Galicia, tivo lugar o domingo 31 de marzo, mentres recolliamos información da fauna e flora no piñeiral e praia camposina, polo que estimamos que a avespa debeu pasar a esta parte do Miño na primavera/verán do ano 2023.

SOLICITAMOS AO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS QUE CONSERVE UNHA BARREIRA ARTIFICIAL DE AREA NA ARMONA

A retirada de parte da area depositada nunha parcela da Armona (A Guarda), situada na beira da desembocadura do Miño, podería facilitar nesta tempada 2024, de non producirse inxerencia humana, un lugar de aniñamento da ANDORIÑA DAS BARREIRAS ("*Riparia riparia*"), unha especie da que só temos constancia da súa nidificación na vila guardesa en dúas ocasións, coincidindo, precisamente, co depósito inicial da area provinte do dragado da canle do ferri neste mesmo lugar, hai disto xa uns dez anos. Agora, a barreira quedou libre de vexetación, cunha parede vertical que pode ser ideal para que esta especie poida volver aniñar na zona. Por iso, enviamos ao Servizo Provincial de Costas que se manteña dita barreira, para ver se nesta tempada as andoriñas se animan a darnos unha alegría e aumentar, así, a biodiversidade da zona.

TEMPADA DE NIDIFICACIÓN DA GAIVOTA PATIAMARELA NA GUARDA

O 18 de abril coa observación dos PRIMEIROS NIÑOS DE GAIVOTA na vila guardesa, demos inicio á tempada 2024 do PROXETO *Larus*, consistente en censar os niños e crías das gaivotas que aniñan na Guarda e, de

ser posible, os menos de media ducia que pode haber no resto do Baixo Miño. Ata finais de xullo tomaremos datos de cada punto de nidificación, dos pitos nados, das incidencias, etc. facendo un seguimento do aniñamento.

Segundo os datos recollidos ao longo de case vinte anos, o número de niños na Guarda está entre os 125 e os 150. O pasado ano, por exemplo, foron rexistrados neste concello 123 puntos de nidificación, cunha media de 2,60 polos por niño. Podemos dicir que, polo de agora, a poboación guardesa de parellas reprodutoras mantense constante, ao contrario do que acontece noutras áreas, onde está diminuíndo alarmantemente esa poboación.

XUNTANZA CO CMIA PARA FALAR DO PROJETO BORRELHO-2024

O sábado 6 de abril desprazámonos (Luís Dorado, Agustín Ferreira e Araceli Ozores) ata Viana do Castelo para manter unha xuntanza coas colegas do **CMIA** (Centro de Monitorização e Interpretação Ambiental, Viana do Castelo), Leonor e Gracinda, coa finalidade de ultimar detalles da campaña deste ano do PROJETO BORRELHO. Ámbalas dúas entidades, **CMIA e ANABAM**, veñen colaborando na protección do borrelho en todo o litoral vianense dende o ano 2015, no que esa entidade sumouse ao proxecto posto en marcha por ANABAM.

Aproveitamos a estancia para visitar o Parque Ecolóxico Urbano acompañados por Gracinda, quen nos explicou as principais características deste parque de 23 Ha.

ANABAM ASINA CONVENIO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS

Un ano máis, e xa van 11, asinamos un convenio coas tres Universidades galegas para que as/os estudantes que o desexen, poidan desenvolver as súas prácticas externas de Máster en Biodiversidade Terrestre na nosa asociación. A área de prácticas abrangue tanto o

lado galego como portugués, zona de traballo de ANABAM, ou o que vén sendo o mesmo, todo o Baixo Miño e a marxe portuguesa dende Valença ata Carreço. Durante o período de prácticas, as e os estudantes, desenvolverán entre tres e cinco traballos de campo que van dende a protección e seguimento do borrelho (píllara), ata tarefas de investigación sobre flora e fauna. Cada un destes traballos ten unha duración mínima de 15 días. E se dán por rematados coa elaboración dun artigo que poderá ser publicado na revista CARRIZAL.

NA MATA NACIONAL DO CAMARIDO (CAMINHA

O 20 de abril, o grupo de traballo de ANABAM, formado nesta ocasión por Carlos Angílica, Luís Dorado, Agustín Ferreira, Mª Dolores García e Mª Consuelo González, desprazouse ao outro lado do Miño para centrarnos na orquídea "*Neotinia maculata*", xa que na Mata Nacional do Camarido, lugar da visita, hai unha boa representación desta especie. Algúns dos pés observados tiñan certo perigo de desaparecer, engulidos pola vexetación que os afoga, polo que aproveitamos para retirar tres deles e transplantalos posteriormente no piñeiral de Camposancos para continuar co proxecto de recuperar a especie nesta paraxe, de onde desapareceron totalmente hai uns tres anos.

PRESENTACIÓN DUN MONOGRÁFICO SOBRE A IGREXA PARROQUIAL GUARDESA

O venres 26 de abril tivo lugar a presentación do libriño que, sobre a historia da Igrexa Parroquial da Guarda, escribiu o membro de ANABAM, Antón Ferreira. O sinxelo acto estivo presentado polo historiador local Miguel Villa, e foi seguido por unha trintena de persoas que arrouparon e acompañaron aos intervindes. O libro, pode adquirirse nas librerías da Guarda a



un prezo de 15 €, tamén se pode solicitar directamente a ANABAM. Os beneficios que produza van integramente para as campañas que desenvolve esta asociación conservacionista na defensa e protección da biodiversidade baixomiñota como poden ser o Projeto Borrelho; a adquisición de novas parcelas no bosque de ribeira de Salcidos (A Guarda) coa finalidade de preservar o amieiral; á campaña de protección das andoriñas do Baixo Miño; á protección da planta "*Honckenya peploides*"; campaña en favor do coleóptero "*Eurynebria complanata*", etc.

Esta publicación contou cunha axuda parcial do Concello de A Guarda.

Queremos expresar o noso agradecemento ao Concello guardés por cedernos o local para a presentación do libro; ao Concelleiro Celso Rodríguez Fariñas por ocuparse de que dito local estivese aberto para o acto; a Miguel Villa pola súa colaboración e a todos os asistentes que nos acompañaron durante a presentación.

CIENCIA CIDADÁ: INSECTOS NAS UMBELÍFERAS

As umbelíferas son das plantas máis cobizadas por diferentes especies de insectos. Por iso, podemos favorecer a presenza destes polinizadores si dispoñemos deste tipo de plantas.

Seguindo coa nosa campaña de potenciar a estes pequenos e tan importantes seres, puxemos en marcha, a actividade de **CIENCIA CIDADÁ** denominada "**Insectos sobre umbelíferas**", aberta a tódalas persoas que queiran participar nela. Para iso, só teñen que fotografar os insectos que vexan nalgunha umbelífera e enviarnos a foto por WhatsApp, indicando en que lugar do Baixo Miño foi obtida a fotografía, así como nome e apelidos da autoría. Esta actividade finalizará o 31 de agosto.

Cada último de mes haberá un sorteo no que entrarán os participantes. Para este mes de maio sortearemos unha subscrición á revista CARRIZAL que recibirán durante un ano. Para os membros de ANABAM que participen, e que, por selo, xa reciben a citada revista, terán un sorteo especial que lles comunicaremos no seu momento.

EÓLICOS: MOCIÓN EN CONTRA DO PLAN SECTORIAL GALEGO.

Moción da Asociación Naturalista "Baixo Miño" (ANABAM) para a "retirada inmediata do Plan Sectorial Eólico de Galicia das áreas de desenvolvemento eólico (ADEs) 41, 157 e 158" PRESENTADA NO CONCELLO DA GUARDA.

Exposición de motivos:

As Serras da Groba e Argallo constitúen unha unidade xeográfica que abrangue os concellos de Baiona, Gondomar, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia. Esta unidade xeográfica xoga un importante papel na sostibilidade do territorio do sur da provincia de Pontevedra, máis alá dos concellos nos que se sitúa, polos seus valores naturais, patrimoniais, paisaxísticos, xeolóxicos, sociais, etnográficos e económicos.

O patrimonio natural das Serras da Groba e Argallo atesoura unha gran cantidade de hábitats e especies de interese comunitario, algunhas delas con carácter prioritario, ó abeiro da Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, trasposta ao marco lexislativo español pola Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Máis alá destes hábitats e especies de interese comunitario, os espazos naturais das Serras da Groba e Argallo ofrecen multitude de servizos ecosistémicos para unha abundante poboación humana. Non debe de esquecerse que o sur da provincia

de Pontevedra é, a día de hoxe, a área xeográfica de Galicia con maior densidade demográfica e segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2022), a densidade poboacional nos concellos de Baiona, Gondomar, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia continúa aumentando progresivamente dende fai 20 anos, o que supón unha crecente presión antrópica sobre os sistemas naturais e sobre o territorio en xeral.

A importancia das Serras da Groba e Argallo transcende máis alá dos concellos nos que se sitúan e un dos seus importantes atractivos é o paisaxístico, tal e como recolle a Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia en cuxo Catálogo das Paisaxes de Galicia recolle numerosas Áreas Especiais de Interese Paisaxístico e numerosos miradoiros.

- AEIP_08_21 Devesa da Costa.
- AEIP_06_09 Serra da Groba.
- AEIP_06_13 Corrubelo.
- AEIP_06_14 Chan da Valga.
- AEIP_06_15 Muíños do Folón e do Picón

A Serra da Groba da acubillo á maior densidade de xacementos arqueolóxicos de Galicia, xacementos que testemuñan o pasado das poboacións humanas dende o paleolítico.

Petróglifos, mámoas e castros veñen a sumarse a un importante patrimonio etnográfico en forma de construcións tradicionais. Algúns destes elementos están catalogados no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, aínda que moitos deles aínda están pendentes de ser incluídos neste catálogo para a súa protección tal e como puxo de manifesto o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) en sendas denuncias perante as administracións locais implicadas e a correspondente Xefatura Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia, e que motivaron o informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural polo que se emitiu recentemente (28 de marzo de 2024) a DIA desfavorable ao parque eólico Torroña I.

O desenvolvemento do Plan Sectorial Eólico da Xunta de Galicia establece nas Serras da Groba e Argallo 3 Áreas de Desenvolvemento Eólico (ADE-41, ADE-157 e ADE-158) ao abeiro das cales, proxectáronse 5 parques eólicos (PE), O Rosal, Merendón, Torroña I, Toroña, Toroña III e Albariño. Estes proxectos eólicos veñen a sumarse a unha implantación masiva de PEs por toda Galicia que terán un significativo impacto ambiental en toda a comunidade autónoma.

Os proxectos eólicos das Serras da Groba e Argallo suscitaron un gran rexeitamento social en toda a contorna, principalmente polas deficiencias nos Estudos de Impacto Ambiental (EIA) que subestimaron os efectos destas infraestruturas sobre o territorio. Este rexeitamento social quedou claramente patente na gran mobilización de miles de persoas na manifestación do 16 de maio de 2021 e no unánime rexeitamento a estes proxectos dos diferentes plenos das corporacións municipais de todos os concellos implicados.

Proba dos deficientes EIAs son os informes sectoriais que diversas administracións elaboraron en contra destes proxectos polo seu impacto irreversible nos valores medioambientais, paisaxísticos e arqueolóxicos e que motivaron a emisión de Declaracións de Impacto Ambiental (DIA) negativas para os PEs Merendón, Albariño, Toroña e Torroña I.

É evidente, polo tanto, a incompatibilidade entre a implantación de PEs nas Serras da Groba e Argallo e a conservación e protección dos seus valores medioambientais, etnográficos e paisaxísticos que esixe a normativa vixente, tanto local, autonómica, como estatal e Comunitaria.

Proposta de acordo:

Solicitar á Consellería de Economía e Industria (ou á que teña competencia no asunto que tratamos) a retirada inmediata do Plan Sectorial Eólico de Galicia das Áreas de desenvolvemento eólico (ADEs) 41, 157 e 158.

APUNTES DA NOSA HISTORIA

2.000 SINATURAS PARA PROTEXER O ESTEIRO DO MIÑO

PONTEVEDRA/PROVINCIA

24 de Febrero de 1990

Anabam envía dos mil firmas al presidente González para proteger el estuario del Miño

Con dos asociaciones ecologistas portuguesas, pretende que sea declarado 'Espacio natural protegido' este año

Rodrigar Vicente

A Guarda

La Asociación Naturalista "Baixo Miño" (Anabam) envió las primeras 2.000 firmas al presidente del Gobierno, Felipe González. Dichas firmas han sido recogidas por Anabam y entidades colaboradoras, a lo largo de los dos últimos meses del pasado año. En esa labor participaron también varios grupos conservacionistas y numerosos particulares de diferentes puntos de España, decididamente volcados en esta campaña de sensibilización, no sólo de la opinión pública, sino también de los dirigentes del Estado.

Apoyo

De ese modo, han apoyado la Campaña Internacional para la Protección del estuario del Miño, promovida por las Asociaciones conservacionistas Anabam, del Baixo Miño y las portuguesas "Corema" y "Amigos do Río Miñho". Estas asociaciones pretenden que el estuario del Miño sea declarado **Espacio Natural Protegido** en el presente año, según se propuso en cuantas reuniones conservacionistas a nivel gallego, se han celebrado.

Más firmas

"Por otra parte, según informa Agustín Ferreira, presidente de Anabam, la recientemente creada Sección Juvenil de nuestra Asociación, formada por jóvenes hasta los 22 años, la mayoría estudiantes, pretende recoger de aquí a Semana Santa un mínimo de 500 firmas para apoyar la mencionada campaña".

Según se anticipó a este periódico "el envío de firmas al Presidente del Gobierno central obedece a que el río Miño en este tramo es internacional y, por lo tanto, en cuanto a competencias se refiere, dependiente del gobierno del Estado".

Refugio de caza

Se considera que, de lograr la protección efectiva de este enclave, actualmente declarado refugio de caza por la Xunta de Galicia, se garantizaría la zona de invernada peninsular más importante para las colonias de Porrón moñudo (Aythya fuligula) y Serreta mediana (Mergus serrator). Anabam recuerda que en esta zona invernan más de medio centenar de especies diferentes de aves acuáticas que, por su importancia, es preciso proteger. Y sirva de aviso lo acontecido con otros habitats hoy lamentablemente perdidos.

Enclave en peligro

Sólo el desconocimiento y la falta de sensibilidad de los distintos responsables de los diferentes organismos, tanto locales como de las diferentes administraciones, están permitiendo la paulatina destrucción de este enclave, al consentir la ubicación ilegal (saltándose, según los responsables de Anabam, las vigentes leyes, entre ellas la de Costas), de ciertos negocios, como es el caso, de la numerosas veces denunciada, discoteca.

Espacio protegido

Después de Semana Santa está previsto el envío de otras tantas firmas que se siguen recogiendo a lo largo y ancho de todo el Estado, con notable incidencia en el Baixo Miño, al que este asunto le toca más de cerca.

Por otra parte, Anabam, agradece a cuentos colectivos, asociaciones culturales, centros de enseñanza, asociaciones de vecinos, sindicatos, partidos políticos, etc., etc., están pidiendo en los últimos meses la declaración oficial de espacio protegido para el estuario del Miño, conscientes de que su protección implica la garantía de unas playas limpias, de unas aguas no contaminadas, de que cientos de pescadores de las dos márgenes del río seguirán teniendo pesca, entre una serie beneficios que, por obvios, reclaman atención urgente.

La foz del Miño desde Caminha; al fondo, Camposancos.

No ano 1989 iniciamos unha campaña de recollida de sinaturas coa finalidade de solicitar ao goberno español que declarase ao Esteiro do Miño espazo protexido. Contamos co apoio e a colaboración de diferentes entidades conservacionistas de Galicia e de Portugal, mesmo de fóra da nosa comunidade. A principios do ano 1990, as primeiras 2.000 sinaturas serían enviadas ao Presidente do Goberno español, Felipe González.

As sinaturas formaban parte da campaña internacional de protección do Esteiro do Miño, promovida tamén por ANABAM, contando co apoio das asociacións portugueses "Corema" e "Amigos do Río Miño".

Posteriormente ao envío das mencionadas sinaturas, continuouse recollendo novas sinaturas, xa no ano 1990 que tamén serían enviadas ao goberno central, administración de quen depende, en primeira instancia o Esteiro do Miño, por ser un río que define a fronteira entre os estados español e portugués no seu tramo final.

Ë de sinalar, que ANABAM xa conseguira a declaración de Refuxo de Caza, e polo tanto a prohibición de exercer a actividade cinexética, do tramo comprendido entre a illa Canosa e o Puntal, xa no encontro do río co mar, logo de que finalizara a declaración anterior de "Zona de Caza Controlada". Neste senso, esta entidade conservacionista lembrará sempre que a declaración de Refuxo de Caza conseguiuse grazas ao apoio que, dende un primeiro momento, tivo ANABAM do Xefe Provincial de Medio Ambiente naquel entón, José María Quintana, que desempeñaba as súas funcións na xefatura en Pontevedra.

O pasado dado da declaración citada, trouxe, posteriormente, unha nova e máis ampla declaración deste espazo natural como foi a de ser incluído na Rede Natura 2000, así como ZEPA (Zona Especial de Protección de Aves) e ZECVN (Zona Especial de Consevación dos Valores Naturais).

ÍNDICE

3.– Bolboretas diúrnas do Baixo Miño, por Rafael Estévez.

10.– Aniñamento de gaivotas na vila da Guarda (IV), por Agustín Ferreira Lorenzo.

17.– Escaravellos do Baixo Miño. *Rutpela macuulata* (Poda, 1761), por M. Javier Blanco-Souto.

20.– Refráns guardeses, por Antón Ferreira e Xabi Pin.

23.– *Geomalacus maculosus* (Lesma de Kerry). Primeira cita para o Baixo Miño, por Agustín Ferreira Lorenzo.

32.– Cousas de ANABAM:

- **Martes saudables: Charlas no Centro Cultural de A Guarda (30).**
- **Camariña: unha xoia botánica no outro lado do Miño (30).**
- **Recollida de gránulos, biosoportes e outros plásticos (31).**
- **Obradoiros de hoteis para insectos (31).**
- **A Weeden Foundation súmase á chamada de ANABAM para a protección do borrelho nas veciñas praias do outro lado do Miño (32).**
- **Campaña a favor dos insectos polinizadores (32).**
- **Estanques para anfibios (34).**
- **Rexistramos por primeira vez para o Baixo Miño a "*Trichilogaster acaciaelongifoliae*" (35).**
- **Solicitamos ao Servizo Provincial de Costas que conserve a barreira artificial na Armona (36).**
- **Tempada de nidificación da gaivota patiamarela na Guarda (36).**
- **Xuntanza co CMIA para falar do Projeto Borrelho-2024 (37).**
- **ANABAM asina convenio coas Universidades galegas (37).**
- **Na Mata Nacional do Camarido (Caminha) (38).**
- **Presentación do monográfico sobre a Igrexa Parroquial Guardesa (38).**
- **Ciencia cidadá: insectos nas umbelíferas (39).**
- **Eólicos: moción contra o Plan Sectorial Galego (40).**

43.- Apuntes da nosa historia.

TI PODES PARTICIPAR